- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenrola parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.

Supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Os actos xurídicos ditados nesta fase do procedemento poderán ser impugnados ante o orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

En canto aos seus efectos e extinción polas seguintes normas de dereito privado:

- Lei 26/2006, de 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados.

- Lei 50/1980, de 8 de outubro, de Contrato de Seguro.

- Lei 30/1995, de 8 de novembro, de Ordenación do Seguro Privado.

- Lei 34/2003, de 4 de novembro, de Modificación e adaptación á normativa comunitaria da lexislación de seguros privados.

- Real Decreto 2486/1998, de 20 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Ordenación e Supervisión dos Seguros Privados.

-Real Decreto Lexislativo 6/2004, de 29 de outubro, polo que se aprobo o Texto Refundido da Lei de Ordenación e Supervisión de Seguros Privados.

- Real Decreto Lexislativo 8/2004, de 29 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos a motor.

- Real Decreto 1507/2008, de 12 de setembro, por el que se aproba el Regulamento do seguro obrigatorio de responsabilidade civil na circulación de vehículos a motor.

- Real Decreto 764/2010, de 11 de xuño, polo que se desenvolve a lei 26/2006, de 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados en materia de información estatística e contable e do negocio, e de competencia profesional.

- Por calquera outra disposición de dereito privado que regule os servizos de seguros.

O orden xurisdiccional nesta fase do procedemento será o civil, competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes en relación cos efectos, cumprimento e extinción dos contratos privados (art. 20.1 TRLCSP).

Calquera persoa física ou xurídica quedará automaticamente suxeita á citada regulación desde o momento de prestación da proposición a este expediente de contratación, así como o posterior adxudicatario/s dos contratos que se formalicen respecto de cada lote.

CLÁUSULA 6. NATUREZA XURÍDICA DO CONTRATO

Trátase dun contrato privado, segundo o establece o artigo 20 do TRLCSP. A súa preparación e adxudicación formalizarase pola normativa administrativa que lle resulte de aplicación e no relativo aos efectos e extinción rexerá polas normas de dereito privado aplicables á materia.

CAPÍTULO II. OUTROS ASPECTOS DA CONTRATACIÓN

CLAUSULA 7. PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN

A forma de adxudicación deste contrato de servizo será o procedemento negociado sin publicidade con urxencia en aplicación do artigo 175 del TRLCSP en relación co art 177.2 do mesmo texto normativo, conforme aos termos e requisitos establecidos en dito texto legal. A adxudicación recaerá no candidato xustificadamente elixido polo órgano de contratación, previa negociación das condicións do contrato, entendéndose producida a negociación coa presentación das ofertas polos empresarios interesados

CLÁUSULA 8. PERFIL DO CONTRATANTE. PUBLICIDADE

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, o Concello de Boqueixón conta co Perfil do Contratante, ao que se terá acceso segundo ás especificacións que se regulan na seguinte páxina: www.boqueixon.es.

CLÁUSULA 9. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

O órgano de contratación para este expediente será a Xunta de Goberno Local do Concello de Boqueixón.

O órgano de contratación, consonte ao disposto no artigo 210 TRLCSP, e dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados neste texto legal e no resto da lexislación vixente, ostenta a prerrogativa de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, así como acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.

Os acordos que dite o órgano de contratación, no exercicio das súas prerrogativas de interpretación, modificación e resolución, serán inmediatamente executivos.

CLÁUSULA 10. CAPACIDADE PARA CONTRATAR

Están capacitados para contratar as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade xurídica e de obrar, non estean incursas en prohibicións para contratar que sinala o artigo 60 TRLCSP e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, segundo o establecido nos artigos 74,75 e 79 do TRLCSP. Ademais deberán dispoñer da habilitación empresarial ou profesional para a execución da prestación que constitúe o obxecto

deste contrato (artigos 54.1. e 2 do TRLCSP), e a súa finalidade ou actividade deberá ter relación directa co obxecto do contrato , segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais e dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato e que dispoñan da preceptiva autorización administrativa, e, se atopen inscritas no correspondente Rexistro Administrativo da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

CLÁUSULA 11. ADMINISTRACIÓN DO CONTRATO

Todos os avisos e notificacións que se deriven deste contrato, a efectos administrativos, serán dados polo Asegurado ás Compañías Aseguradoras, a través do Axente/s da/s empresa/s aseguradora/s ou a correduría de seguros existentes no Concello de Boqueixón , ou no seu defecto, na localidade máis próxima, considerándose por este só feito como cursados ás compañías directamente, debendo seguir co mesmo o procedemento na tramitación e ata a liquidación de sinistros.

Así mesmo o pagamento das primas feito polo Asegurado ao Axente/s da/s empresa/s aseguradora/s ou ca correduría de seguros correspondente, mediante recibo expedido pola Compañía dirixente, no seu nome e nos das demais compañías aseguradoras, entenderase para todos os efectos que sexan consecuencia dos correspondentes seguros obxecto do presente contrato, coma se fosen feitos á propia Aseguradora.

CAPÍTULO III. ACTUACIÓNS PREVIAS Á ADXUDICACIÓN

CLAUSULA 12. GARANTÍA PROVISIONAL

Non se esixirá para este expediente de contratación.

CLÁUSULA 13. FORMA DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS

Cada licitador presentará TRES SOBRES PECHADOS, DENOMINADOS SOBRE NÚM. 1 e SOBRE NÚM. 2 , e SOBRE NUM. 3 que deberán ser asinados por el mesmo ou persoa que o represente.

Indicaranse, na súa parte externa, os seguintes datos:

CARÁTULA DO SOBRE NÚM. 1

Conterá o seguinte cadro debidamente cuberto:

NÚMERO DE SOBRE E DENOMINACIÓN	SOBRE NÚM. 1
NÚMERO DE SOBRE E DENOMINACIÓN	SOBRE NÚM. 1 DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA
OBJECTO DO CONTRATO	PROPOSICIÓN PARA CONCORRER AO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DOS SEGUROS PRIVADOS DE DANOS MATERIAIS DE BENS, FLOTA DE VEHICULOS MUNICIPAIS E RESPONSABILIDADE CIVIL PATRIMONIAL DO CONCELLO DE BOQUEIXON
IDENTIFICACIÓN DO LICITADOR	
DNI DO LICITADOR OU CIF DA EMPRESA	
DOMICILIO SOCIAL	
NO SEU CASO, NOME DO REPRESENTANTE OU APODERADO DA EMPRESA	
NÚMERO DE TELÉFONO	
NÚMERO DE FAX	
ENDEREZO DE CORREO ELECTRÓNICO	
DATA E ASINADO DO SOBRE	

Identificación do licitador: Nome e apelidos se se trata dunha persoa física ou denominación social se se trata dunha persoa xurídica.

DOCUMENTACIÓN A INCLUIR DENTRO DO SOBRE NÚM. 1.

DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA (ARTIGO 146 TRLCSP).

Os documentos poderán presentarse en exemplar orixinal ou mediante fotocopias autenticadas.

Ao obxecto de facilitar o control da documentación ao órgano de contratación, deberá constar dentro do sobre, na primeira páxina, un índice cos documentos que o integran. Así mesmo, a documentación deberá presentarse con base no devandito orde e mediante separadores.

Este sobre conterá, de conformidade co disposto no artigo 146 TRLCSP, a seguinte documentación:

A) Documentos acreditativos da personalidade xurídica:

A.1) Os empresarios individuais (persoa física): Copia autenticada do DNI.

A.2) Os empresarios persoas xurídicas: A escritura ou documentos nos que conste a constitución da entidade, os estatutos polos que se rexa ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro Mercantil ou no que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate; o DNI do representante e o CIF da empresa.

A.3) Documentos acreditativos da representación

As proposicións deberán vir asinadas polos licitadores. No suposto de persoas xurídicas virán asinadas polo seu representante, debendo acreditar esta condición co poder outorgado a favor deles. Se o licitador fora persoa xurídica este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente. Si se trata dun poder para un acto concreto non é necesaria a inscrición no Rexistro Mercantil, de acordo co artigo 94.1.5 do Regulamento do Rexistro Mercantil.

A.4) Documento acreditativo de non estar incurso en prohibicións para contratar

Incluirá a declaración responsable do licitador na que afirme non estar incurso en ningunha das prohibicións para contratar consonte ao artigo 60 TRLCSP. Esta declaración comprenderá, igualmente, a testemuña de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coas facendas municipal, autonómica e estatal, así como coa Seguridade Social, impostas pola lexislación vixente, sen prexuízo de que este extremo deba debidamente xustificarse polo licitador que formulase a oferta economicamente máis vantaxosa e como requisito previo á adxudicación do mesmo.

Este modelo de declaración insertase no anexo I deste prego.

A.5) Unión temporal

Se varios empresarios acoden á licitación constituíndo unha unión temporal, cada un deles deberá acreditar a súa personalidade e capacidade, indicando os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles, así como o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal de empresas en caso de resultar adxudicatarios do contrato e a designación dun representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar as empresas para cobros e pagos de contía significativa.

A.6) Empresas estranxeiras

A capacidade dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación. No caso dos demais estranxeiros acreditarase esta capacidade mediante un informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito radique o domicilio da empresa.

A.7) Documentos acreditativos da clasificación da empresa, no seu caso, ou que xustifiquen a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

Se a empresa se atopa pendente de clasificación, deberá aportar o documento acreditativo de presentar a correspondente solicitude para elo, debendo xustificar estar en posesión da clasificación esixida no prazo previsto nas normas de desenvolvemento do TRLCSP para a subsanación de defectos ou omisións na documentación.

Os requisitos de solvencia económica e financeira, técnica ou profesional poderase realizar por calquera dos medios establecidos nos artigos 75 e 79 TRLCSP.

Solvencia económica e financeira (artigo 75 TRLCSP)

A solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

b) As contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro Oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en Rexistros oficiais poderán aportar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondentes ao obxecto do contrato, referido como máximo aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias do devandito volume de negocios.

Se, por unha razón xustificada, o empresario non está en condicións de presentar as referencias solicitadas, autorizaráselle a acreditar a súa solvencia económica e financeira por medio de calquera outro documento que se considere apropiado polo órgano de contratación, e en particular a traveso

Solvencia técnica ou profesional (artigos 78 e 79 TRLCSP)

A solvencia técnica ou profesional dos empresarios deberá apreciarse tendo en conta os seus coñecementos técnicos, eficacia, experiencia e fiabilidade, o que poderá acreditarse, segundo o obxecto do contrato, por un ou varios dos medios seguintes:

a) Una relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

b) Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente aqueles encargados do control de calidade.

c) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas polo empresario para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa.

d) As titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato.

e) Declaración sobre a plantilla media anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.

f) Declaración indicando o material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, á que se xuntará a documentación acreditativa pertinente.

g) Indicación da parte do contrato que o empresario ten eventualmente o propósito de subcontratar. As empresas estranxeiras presentarán declaración de someterse á Xurisdición dos Xulgados ou Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ao licitador.

A.8) Certificación acreditativa da inscrición no Rexistro da Dirección Xeral de Seguros.

CARÁTULA DO SOBRE NÚM. 2

Conterá o seguinte cadro debidamente cuberto:

NÚMERO DE SOBRE E DENOMINACIÓN	SOBRE NÚM. 2 OFERTA ECONÓMICA E DOCUMENTACION XUSTIFICATIVA DAS PÓLIZAS OFERTADAS
OBXECTO DO CONTRATO	PROPOSICIÓN PARA CONCORRER AO

	PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DOS SEGUROS PRIVADOS DE DANOS MATERIAIS DE BENS, FLOTA DE VEHICULOS MUNICIPAIS E RESPONSABILIDADE CIVIL PATRIMONIAL DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN
IDENTIFICACIÓN DO LICITADOR	
DNI DO LICITADOR OU CIF DA EMPRESA	
DOMICILIO SOCIAL	
NO SEU CASO, NOME DO REPRESENTANTE OU APODERADO DA EMPRESA	
NÚMERO DE TELÉFONO	
NÚMERO DE FAX	
ENDEREZO DE CORREO ELECTRÓNICO	
DATA E ASINADO DO SOBRE	

DOCUMENTACIÓN A INCLUIR DENTRO DO SOBRE NÚM. 2

a) Oferta económica

Conterá a proposición consonte ao modelo que figura no Anexo II deste prego (Modelo de proposición).

Ademais **incluirase un proxecto de contrato coas condicións xerais e particulares ,as súas coberturas e as franquías referido a cada póliza relativa ao grupo de risco obxecto do seguro ao que se oferte.**

No caso de discrepancia entre o importe expresado en letra e o expresado en cifra, prevalecerá a cantidade que se consigne en letra, salvo que dos documentos que compoñen a proposición se desprenda outra cousa.

CARÁTULA DO SOBRE NÚM. 3

NÚMERO DE SOBRE E DENOMINACIÓN	SOBRE NÚM. 3 MELLORAS TECNICAS E DOCUMENTACION XUSTIFICATIVA
OBXECTO DO CONTRATO	PROPOSICIÓN PARA CONCORRER AO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DOS SEGUROS PRIVADOS DE DANOS MATERIAIS DE BENS, FLOTA DE VEHICULOS MUNICIPAIS E RESPONSABILIDADE CIVIL PATRIMONIAL DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN
IDENTIFICACIÓN DO LICITADOR	
DNI DO LICITADOR OU CIF DA EMPRESA	
DOMICILIO SOCIAL	
NO SEU CASO, NOME DO REPRESENTANTE OU APODERADO DA EMPRESA	
NÚMERO DE TELÉFONO	
NÚMERO DE FAX	
ENDEREZO DE CORREO ELECTRÓNICO	
DATA E ASINADO DO SOBRE	

DOCUMENTACIÓN A INCLUIR DENTRO DO SOBRE NÚM. 3)

Incluírase a documentación xustificativa das melloras técnicas formuladas relativas aos criterios avaliábeis especificados neste prego

CLÁUSULA 14. PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN

Presentación directa nas oficinas do Concello

As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Boqueixón, en horario de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres, durante os **CINCO (5) DÍAS HÁBILES** a computar ao día seguinte de recibir a correspondente invitación.

No caso de que o último día coincida en sábado, domingo ou festivo, entenderase prorrogado o prazo ata o inmediato día hábil seguinte.

Presentación en Correos

Admitirase o envío de proposicións por correo ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar o mesmo día ao Concello de Boqueixón a remisión da proposición mediante télex, fax ou telegrama. Sen a concurrencia de ambos requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate oficial do prazo. Non obstante, cumpridos os antecedentes anteriores, non sería admitida a proposición se non se recibise no concello dentro dos 10 días naturais seguintes ao peche oficial do prazo.

No suposto de enviar as proposicións por correo, na comunicación que se envíe ao Concello de Boqueixón, deberán indicarse os seguintes datos: título completo do obxecto do contrato, denominación do licitador e data da presentación en correos.

Os interesados presentarán as súas ofertas referidas á totalidade do obxecto do contrato.

Cada licitador invitado poderá presentar só unha única oferta para cada lote en relación co obxecto do contrato. Tampouco poderá presentar ningunha oferta en unión temporal con outros se xa o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as ofertas por el subscritas.

A presentación de proposición supón a aceptación incondicional polo empresario das cláusulas deste prego, as previstas nos respectivos pregos de prescricións técnicas, e de toda a normativa vixente en materia de contratación e da normativa sectorial aplicable, que sexa de específica aplicación para este contrato, sen salvedade nin reserva ningunha

CAPÍTULO IV. ACTUACIÓNS DO CONCELLO PARA PROCEDER Á ADXUDICACIÓN

CLÁUSULA 15. CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

Concluído o prazo de presentación de proposicións, cualificarase previamente a documentación administrativa achegada polos interesados (sobre 1). Se se observasen defectos u omisións subsanables na documentación, outorgarase, no seu caso, un prazo de subsanación non superior a tres días, solicitando, se fose necesario, as aclaracións ou documentación complementaria á que se refire o artigo 82 TRLCSP. Se a documentación contivese defectos substanciais ou deficiencias materiais non subsanables, poderase rexeitar a proposición.

Posteriormente abriranse os sobres que conteñen as melloras técnicas, sobre núm. 3, e das que se realizará o correspondente informe valorativo de acordo cos criterios de avaliación establecidos.

CLÁUSULA 17. ACTO DE APERTURA DE OFERTAS

Unha vez que se teña o informe valorativo das melloras, o órgano de contratación abrirá as ofertas económicas presentadas que serán puntuadas de acordo cos criterios que figuran neste prego para cada un dos seguros.

Concluídas as actuacións anteriores, o órgano de contratación formulará a proposta de adxudicación, previos os informes que se estimen pertinentes ao abeiro do disposto no artigo 151 do TRLCSP, o cal clasificará por orden decrecente as proposicións presentadas e que non fosen declaradas desproporcionadas ou anormais, e determinará a /as, oferta/s que formulen as ofertas economicamente máis vantaxosas, atendendo aos criterios de adxudicación previstos no presente prego.

CLÁUSULA 18. CRITERIOS DE VALORACIÓN

Única e exclusivamente se valorarán as ofertas formuladas que inclúan todas e cada unha as coberturas especificadas para risco asegurado nos respectivos pregos de prescricións técnicas, de tal maneira que de se comprobar que non inclúen todas elas nalgunha das ofertas formuladas procederá a súa exclusión do procedemento de adxudicación do contrato.

Para a valoración das proposicións, atenderase aos seguintes criterios:

A) LOTE I).- Riscos de danos materiais de bens públicos(continente e contido) de tódolos bens inmoebles e moebles, incluídos equipos electrónicos que integran o patrimonio do Concello de Boqueixón

1. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

CRITERIOS	PUNTOS
Mellor oferta económica	70 puntos

Melloras técnicas	30 puntos
-------------------	-----------

2. Melloras técnicas.

2.1. Inclusión mobiliario urbano con franquicia máxima de 150 €:30Puntos

B) LOTE II.- Riscos patrimoniais, persoais e de responsabilidade civil derivado do uso de vehículos a motor propiedade do Concello de Boqueixón

CRITERIOS	PUNTOS
1. Mellor oferta económica	70 Puntos
2. Melloras en coberturas	30 Puntos

1-Melloras en coberturas:

3.1 Incremento de sumas aseguradas en accidentes. 5 Puntos

3.2 Incluír garantías de danos propios como: Roubo, incendio, ... 5 Puntos

3.3 Retirada do permiso de conducir. 5 Puntos

3.4 Garantía de Responsabilidade Civil da carga. 5 Puntos

3.5 Vehículo de substitución. 5 Puntos

3.6 E calquera outra mellora que o licitador oferte tanto por inclusión como pola súa limitación ou supresión nas exclusións habituais de cada garantía. 5 Puntos

C) LOTE III.- Responsabilidade civil patrimonial do persoal funcionario e laboral e membros electos do Concello de Boqueixón

CRITERIOS	PUNTOS
1. Mellor oferta económica	60 Puntos
2. Melloras en límites e sublímites	10 Puntos
3. Melloras en Coberturas	20 Puntos
4. Reducción de franquicia	10 puntos

- Melloras en límites e sublímites:

De 0 a 10 puntos: Outorgarase 10 puntos á oferta que reflexe un maior incremento nos límites e sublímites e o resto de xeito proporcional.

Melloras en Coberturas:

- Danos patrimoniais puros: 120.000 € por stro. /ano– 2,5 puntos
- Pérdida e extravío de documentos 60.000 € por stro/año – 2,5 puntos
- RC Orden Público – 60.000 € por stro./ano – 2,5 puntos
- Outras coberturas. – 2,5 puntos
- Reducción de franquicia:

De 0 a 10 puntos: Outorgarase 10 puntos á oferta que reflexe un importe de franquicia menor e o resto de xeito proporcional.

CLÁUSULA 19. ADXUDICACIÓN.-

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presente a oferta máis vantaxosa economicamente para que, dentro do prazo de **2 días hábiles**, a contar dende o seguinte a aquel en que houbera recibido o requirimento, presente a documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de haber constituído a garantía definitiva por un importe equivalente ao 5 por 100 do prezo de adxudicación.

A garantía poderá constituírse en metálico, mediante aval, en valores públicos ou en valores privados, por contrato de seguro de caución, na forma e condicións establecidas nos artigos 55 e seguintes do Regulamento Xeral da LCAP, debendo depositarse o seu importe ou a documentación acreditativa correspondente na Caixa da Corporación.

A adxudicación acordarase polo órgano de Contratación en resolución motivada, no prazo máximo de cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación, que se notificará aos licitadores e publicarase no perfil de contratante do órgano de Contratación, e se os interesados o

solicitan facilitaráselles información, nun prazo de cinco días hábiles, dos motivos do rexeitamento da súa proposición e das características da proposición do adxudicatario que foron determinantes da adxudicación ao seu favor.

Non obstante, nos termos previstos no artigo 155 do TRLCSP, o Concello de Boqueixón, antes de ditar a adxudicación, poderá renunciar a realizar o contrato por razóns de interese público, ou desistir do procedemento tramitado, cando este conteña defectos non subsanables.

CLÁUSULA 20. GARANTÍA DEFINITIVA

O licitador /es, que formulase as oferta/s economicamente máis vantaxosa/s, deberá acreditar a constitución da garantía definitiva por importe do 5 por 100 do prezo de adxudicación do contrato.

O importe da garantía definitiva calcularase en función do importe da prima anual establecida para cadanseu lote ofertado polo licitador adxudicatario e aplicando a porcentaxe do 5%.

O réxime aplicable á garantía definitiva será o previsto nos artigos 95 e seguintes TRLCSP e os seus concordantes do RXLCAP. En concreto, a garantía definitiva poderá presentarse en calquera das formas previstas no artigo 96 TRLCSP, debendo depositarse o seu importe ou a documentación acreditativa correspondente na Tesourería municipal.

Cando, a consecuencia da modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, reaxustarase a garantía no prazo de quince días, contados desde a data na que se notifique o adxudicatario a resolución da modificación do contrato, de acordo co disposto no artigo 99 TRLCSP.

Para devolución da garantía definitiva, unha vez concluído o contrato, estarase ao disposto no artigo 102 TRLCSP.

CAPÍTULO V. ACTOS DE CONTRATACIÓN

CLÁUSULA 22. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

O contrato deberá formalizarse en documento administrativo dentro do prazo de 15 días hábiles, a contar desde o día seguinte ao de recepción polo adxudicatario da notificación da adxudicación.

O modelo de contrato unirase, formando parte íntegra do mesmo, a oferta do adxudicatario e un exemplar dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas. Todas as follas do devandito documento será asignadas polo contratista e polo alcalde.

A copia do contrato constituirá título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

Cando, por causas imputables ao contratista, non se tivese formalizado o contrato dentro do prazo indicado, o Concello poderá acordar a resolución do mesmo, seguindo a tal efecto o procedemento establecido no artigo 109 RXLCAP. En tal suposto, procederá a incautación da garantía que no seu caso se constituíse e a indemnización dos danos e prexuízos ocasionados.

No suposto de que o contrato fora adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán acreditar estas a constitución da mesma en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.

CLÁUSULA 23. GASTOS A CARGO DO ADXUDICATARIO

Serán de conta do adxudicatario os seguintes gastos:

- Os tributos estatais, municipais e rexionais que deriven da licitación, adxudicación, formalización e execución do contrato.
- No seu caso, os de formalización pública do contrato de adxudicación.

CAPÍTULO VI. OUTROS ASPECTOS FUNDAMENTAIS DA CONTRATACIÓN

CLÁUSULA 24. RISCO E VENTURA

A execución do servizo outorgarse a risco e ventura do adxudicatario.

CLÁUSULA 25. EXTINCIÓN DO CONTRATO. RESOLUCIÓN

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas nos artigos 223 e 308 TRLCSP, así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas nas condicións técnicas establecidas para cada modalidade de cobertura establecida no contrato correspondente.

A administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 224 ,225 e 308 e seguintes do TRLCSP.

CLÁUSULA 26. MODIFICACIÓN DO CONTRATO

Procederá a modificación do contrato exclusivamente nos casos previstos pola lexislación contractual vixente, sempre que teñan relación co obxecto do contrato e servan ao cumprimento do seu fin.

CLÁUSULA 27. DEREITOS E OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

O contrato executarase con suxeición ao establecido no seu clausulado e nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas que forman parte do expediente de contratación e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación dera ao contratista o órgano de contratación.

O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolve e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

ANEXO I.

DECLARACIÓN DE NON ESTAR INCURSO EN PROHIBICIÓNS PARA CONTRATAR

D. _____, con DNI núm. _____, actuando en nome propio ou en representación de _____, con domicilio en _____ e CIF núm. _____,

interesado na adxudicación do contrato “DOS SEGUROS PRIVADOS DE DANOS MATERIAIS DE BENS, FLOTA DE VEHICULOS MUNICIPAIS E RESPONSABILIDADE CIVIL PATRIMONIAL DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN”.

DECLARO :

1.- Que nin o asinante da declaración, nin a entidade a que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes, se achán incursos en suposto algún de prohibición de contratar aos que se refire o artigo 60 do TRLCSP.

2.- Que a empresa que represento está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social. e o Concello de Boqueixón.

3.- Autorizo ao órgano de contratación a recabar os datos que obren en poder da administración que fosen necesarios para comproba-la veracidade das declaracións realizadas.

Lugar, data e asinado.

ANEXO II.

MODELO DE PROPOSICIÓN

D/Dña. _____, maior de idade, veciño/a de _____, con domicilio en _____, titular do DNI núm. _____, en nome propio (ou en representación de _____, con domicilio en _____, con CIF núm. _____, recibindo invitación para a presentación de proposicións ao expediente contractual denominado “ SEGUROS PRIVADOS DE DANOS MATERIAIS DE BENS, FLOTA DE VEHICULOS MUNICIPAIS E RESPONSABILIDADE CIVIL PATRIMONIAL DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN”, e revisados os Pregos de cláusulas administrativas particulares e os de prescricións técnicas que rexerán o contrato, cuxo contido coñezo e acepto na súa integridade, comprométome a súa realización de acordo coa seguinte oferta:

LOTE 1: Riscos de danos materiais de bens (continente e contido)

A) PRIMA ANUAL OFERTADA: _____ Euros (en letra e en número).

B) MELLORAS TECNICAS:

COBERTURAS	SI	NO	
Inclusión mobiliario urbano con franquicia máxima de 150€			

LOTE 2: Riscos patrimoniais, persoais e de responsabilidade civil derivado do uso de vehículos a motor

A)PRIMA ANUAL OFERTADA: Euros (en letra e en número).

B) MELLORAS EN COBERTURAS:

COBERTURAS	SI	NO	
Incremento de sumas aseguradas en accidentes.			Indicar suma ofrecida:
Incluír garantías de danos propios como: Roubo, incendio.			
Retirada do permiso conducir			
Responsabilidade Civil da carga			
Vehículo de substitución			
Outras melloras...			Indicar melloras:

LOTE 3: Responsabilidade civil patrimonial

A) PRIMA ANUAL OFERTADA: Euros (en letra e en número).

B) MELLORAS EN COBERTURAS:

COBERTURAS	Sublímite establecido para a mellora	SI	NO

C) MELLORAS EN LÍMITES E SUBLÍMITES:

LÍMITES / SUBLÍMITES	LÍMITE ESTABLECIDO NO PCT	LÍMITE OFERTADO	INCREMENTO SOBRE O LÍMITE MÍNIMO DO PCT
Límite xeral sinistro			
Límite xeral Ano			
Sublímite vítima patronal / Cruzada			
Sublímite bens confiados			

D) REDUCCIÓN DE FRANQUIA:

FRANQUICIA	FRANQUIA MÁXIMA	FRANQUIA PROPOSTA
Reducción da franquicia	300 € stro.	

En, a día de de 2015
(Sinatura, nome e apelidos)

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES E ESPECIAIS DO PROCEDIMENTO PARA A CONTRATACIÓN DO SEGURO DE RISCOS PATRIMONIAIS DE BENS MOBLES E INMOBLES DO CONCELLO DE BOQUEIXON

1 OBXECTO DO CONTRATO

A contratación polo Concello de Boqueixón dunha póliza de Multirrisco de Bens Públicos, conforme ás condicións que se especifican neste prego, que teñen a consideración de coberturas esixidas.

2 BENS ASEGURADOS

Edificios e contido en xeral incluído maquinaria, mobiliario, Instalacións e existencias propiedade da CONCELLO DE BOQUEIXÓN e os seus organismos autónomos, así como todos aqueles cuxa posesión ostenten por calquera título.

3 CONTINENTE

O conxunto das construcións principais ou accesorias e as súas instalacións fixas (auga, gas, electricidade, calefacción, refrixeración e outros propios dun edificio como tal). No caso de propiedade horizontal ou pro indivisa queda incluída a parte proporcional dos elementos comúns do edificio, así como as antenas de televisión se as houber. Inclúense, así mesmo, os valos e muros independentes, así como as zonas pavimentadas exteriores dos edificios sobre as que o asegurado teña título de propiedade outro interese asegurable.

No valor dos edificios entenderase incluído o valor de cantas instalacións existan para a súa solidez, ornato, hixiene e comodidade.

4 CONTENIDO

Conxunto de bens mobles ou aparellos profesionais, de oficina, comercio ou industria, maquinaria e instalacións, ferramentas, moldes, modelos, planos, ferramentas de traballo que sexan propios por razón da profesión ou actividade asegurada.

Conxunto de mobles, roupas, aparellos domésticos ou de uso persoal, víveres e outras provisións, antena individual de televisión e demais cousas ou obxectos que se achen dentro do recinto asegurado ou locais dependentes deste, sempre que o asegurado teña título de propiedade ou outro interese asegurable.

Conxunto de materias primas, produtos en proceso de fabricación e acabados, embalaxes, repostas, accesorias, produto para a venda e materias auxiliares que sexan propias e necesarias por razón da actividade.

Bens propiedade de terceiras persoas en tanto que tales bens áchense dentro dos locais ou do recinto da institución asegurada, que da súa deterioración resultase responsable a parte asegurada e que non estivesen cubertos por outra póliza de seguro, sexa deste ou doutro asegurador.

Motores eléctricos, cadros eléctricos, equipos telefónicos e aparatos de visión e son, así como calquera equipo electrónico.

Cadros de valor artístico, esculturas, coleccións de libros, filatélicas e numismáticas e en xeral obxectos artísticos ou histórico-artísticos que sexan propiedade ou se encontre baixo a custodia do Concello de Boqueixón

Así mesmo convense en que terán a consideración de bens asegurados os documentos, manuscritos, libros de negocio, microfilmes, películas, moldes, ficheiros, arquivos, planos e deseños.

O valor asegurado é o correspondente ao custo de reposición a novo.

SITUACIÓNS Y CAPITALS ASEGURADOS (segundo relación ANEXO I)

Continente 3.045.150 €

Mobiliario 714.070 €

Existencias 46.864 €

TOTAL CAPITAL ASEGURADO: 3.806.000 €

COBERTURAS 100% do capital asegurado

GARANTÍAS BÁSICAS

Dentro dos límites establecidos no presente contrato, o asegurador indemnizará os danos e/ou perdas materiais causados directamente aos bens asegurados polos riscos indicados máis adiante, con inclusión das garantías adicionais contratadas, así como os producidos polas consecuencias inevitables destes.

Incendio

Caída dun raio

Explosión

GARANTÍAS ADICIONAIS:

Extensión de garantías: Límite 100% capital asegurado

Baixo a denominación de extensión de garantías quedan garantidos, a título enunciativo pero non limitativo:

Actos de vandalismo ou malintencionados.

Accións tumultuarias e folgas.

Vento, chuvia, pedrisco, neve.

Danos por auga.

Os danos materiais producidos por auga a consecuencia de rebentón, rotura, desbordamento ou atoamento de conducións de distribución ou baixadas de auga ou de depósitos e aparatos que formen parte dos edificios ou instalacións asegurados, ou ben procedentes de bens lindantes ou próximos propios ou de terceiros, incluíndo danos ocasionados por xeadas.

Quedan así mesmo comprendidos os gastos que ocasionen os traballos de localización e reparación da avaría.

Garántese igualmente a omisión do peche de billas, válvulas ou chaves de auga. Garántense, así mesmo, os danos materiais causados aos bens asegurados con ocasión ou a consecuencia de desbordamento ou desviación do curso normal de lagos sen saída natural, curso ou canles en superficie construídas polo home, rede de sumidoiros, colectores e outras canles subterráneas ao desbordarse, rebentarse, romper ou avariarse, sempre que a inundación non sexa amparable polo Consorcio de Compensación de Seguros.

Fume

Impacto de vehículos

Caída de aeronaves

Onda sónica

Fugas de equipos de extinción

COBERTURAS ADICIONAIS E GASTOS

Gastos de desentullo, demolición e apuntalamiento: límite do 100% do capital asegurado de continente.

Gastos de limpeza, desbarre e extracción de lamas, límite de 100% das sumas aseguradas de continente e contido.

Gastos polas medidas adoptadas para impedir, cortar ou extinguir o sinistro e medidas da autoridade, límite de 100% das sumas aseguradas de continente e contido.

Gastos de salvamento, límite de 100% das sumas aseguradas de continente e contido.

Menoscabo de bens salvados: límite do 100% do capital asegurado de contido.

Horas extraordinarias, con límite do 5% do capital asegurado.

Transportes urxentes, con límite do 5% do capital asegurado.

Bens extraviados, límite de 30.000,00 euros a primeiro risco.

Inhabitabilidade ou gastos de desaloxo forzoso (incluído aluguer de locais), límite de 100% das sumas aseguradas de continente e contido.

Reembolso de custos desembolsados, incluído.

Honorarios de profesionais, con límite de 100% das sumas aseguradas de contido.

Transporte de bens sinistrados, límite de 100% das sumas aseguradas de contido.

Gastos de vixilancia e seguridade, límite de 100% das sumas aseguradas de contido.

Obtención de permisos e licenzas, límite de 100% das sumas aseguradas de continente.

Cimentacións, incluído.

Derramo de líquidos, con límite de 20.000,00 euros.

Danos en xardíns, árbores, plantas e arbustos, con límite de 50.000,00 euros a primeiro risco.

Danos eléctricos en aparatos e maquinaria eléctricos (incluída de produción).

Os danos e/ou perdas materiais producidos pola electricidade, caída do raio e/ou propia combustión ou causas inherentes ao seu funcionamento en instalacións, aparatos e canalizacións, eléctricas. Límite de indemnización: 50.000,00 euros a primeiro risco.

Avaría de maquinaria, con límite de 30.000,00 euros a primeiro risco.

Gastos de reposición de arquivos, ficheiros, deseños, microfílm, clixés, modelos, moldes, matrices, manuscritos, planos, títulos, valores, rexistros sobre películas e soportes de procesamento. Con límite de 100% das sumas aseguradas do contido.

Cadros de valor artístico, esculturas, coleccións de libros, filatélicas e numismáticas e, en xeral, obxectos artísticos ou histórico-artísticos que sexan propiedade ou se encontren baixo a custodia da Concello de Boqueixón

En caso de restauración indemnizarase a posible perda de valor que puidese sufrir a obra de arte danada. En caso de perda ou dano material de calquera das obras de arte aseguradas, que forme parte dunha parella ou dun xogo, terase en conta a posible depreciación sufrida pola parella ou xogo.

Encóntranse cubertos os bens temporalmente desprazados da súa situación habitual con respecto ao contido, cun límite de 100.000,00 euros a primeiro risco.

Rotura de lúas, cristais, letreiros e rótulos, con límite de 20.000,00 euros a primeiro risco, mesmo límite por peza.

Bens de terceiros, límite de 100% das sumas aseguradas de contido por sinistro. Expresamente faise constar que dentro do límite anteriormente indicado se amparan os danos ocasionados ás existencias que terceiros poidan ter na situación de risco.

Pavillón de Deportes , ademais de nas outras situacións de risco cubertas pola presente póliza.

Danos estéticos, con límite de 12.000,00 euros a primeiro risco

Vehículos en repouso, con límite de 150.000,00 euros a primeiro risco

Danos a fechos; gastos de substitución de fechos e chaves das portas de acceso aos locais por avarías ou actos malintencionados a estes: límite 100% do capital asegurado de continente.

Bens de empregados derivados das coberturas de riscos básicos: límite máximo de 30.000,00 euros.

Roubo e espoliación

Contido xeral: 100%

Obxectos de valor especial: En bens non especificados, 30.000,00 euros a primeiro risco.

Roubo e espoliación de metálico en mobles pechados baixo chave. Límite: 1.500,00 euros a primeiro risco.

Espoliación de transportadores de fondos. Límite: 12.000,00 euros a primeiro risco.

Bens de visitantes e empregados. Límite de 10.000,00 euros a primeiro risco.

Danos por roubo ou intento de roubo. límite de 100% das sumas aseguradas de continente.

Roubo de elementos fixos do continente: límite máximo de 6.000,00 euros.

Infidelidade de Empregados: límite máximo de 1.000,00 euros.

Roubo de bens mobles en terrazas: límite máximo de 600,00 euros

Roubo de efectivo dentro de caixa forte: límite máximo de 12.000,00 euros.

Equipos electrónicos

Valor dos equipos electrónicos 55.000,00 euros a primeiro risco, distribuídos entre as distintas situacións de risco

Bens asegurados

A título enunciativo e non limitativo encóntranse asegurados dentro desta partida:

1. Ordenadores electrónicos (CPU´s, terminais, periféricos, CPD, etc.) e soportes de información, discos, disquetes, etc.,
2. Centrais, equipamento telefónico, equipos de vixilancia e seguridade, equipamento da imprenta, etc.
3. Recuperación de datos procesados (perda de información).

Riscos cubertos

Quedará cuberto todo dano material que sufran os bens asegurados de xeito accidental e imprevisible, salvo os expresamente excluídos a continuación:

Dolo ou culpa grave do asegurado e/ou os seus representantes legais.

Guerras, rebelións, levantamentos populares e militares ou operacións bélicas de calquera clase.

Efectos mecánicos, térmicos e radiactivos producidos por radiacións nucleares.

Desgaste ou deterioración derivados do uso normal, erosión, corrosión, humidade, etc.

Garantías adicionais

Gastos polas medidas adoptadas e custo de reparación, con límite de 50.000,00 euros.

Carrexadores externos de datos e perda de información, con límite de 60.000,00 euros.

CLÁUSULAS ESPECIAIS

Compensación de capitais

Calquera exceso de capital nalgún dos capitais asegurados reverterá nas sumas aseguradas que teñan defecto de capital.

Cobertura automática:

Establécese unha porcentaxe do 15% (aplicable ao capital asegurado de bens artísticos e/ou histórico-artísticos).

Derogación da Regra Proporcional.

Defensa xurídica e reclamación de danos

Inclúese a reclamación (incluída por vía xudicial) dos danos materiais sufridos nalgunha das situacións de risco aseguradas, sempre que non teñan orixe contractual e fosen causados por terceiros.

Novas adquisicións e investimentos

Quedan garantidas automaticamente, sen necesidade de comunicación ao Asegurador, toda nova adquisición, adxudicación e/ou investimento de bens efectuado polo asegurado, mesmo se se trata de creación, transferencia, participación e/ou compra doutra sociedade e/ou bens. unha vez finalizado o prazo do seguro, en caso de prórroga, o asegurado deberá comunicar ao Asegurador as adquisicións, transferencias, adxudicacións e/ou investimentos realizados no transcurso do devandito período, co fin de emitir suplemento de regularización aplicando ao capital así declarado a taxa de prima anual de referencia, dividindo por dous o seu resultado, en caso de que se tivese emitido durante o transcurso da anualidade algún suplemento de aumento de capital que tivese dado lugar ao cobramento dunha pro rata de prima, o cálculo da regularización será igual á metade da diferenza entre a prima que resulte ao final da anualidade e a prima anual correspondente ao último suplemento emitido. O recibo a emitir en calquera caso incluírá as recargas, tributos e prima do consorcio de compensación de seguros que correspondan.

CRITERIO DE VALORACIÓN

Establécese o criterio de valor de reposición a novo.

Valor pactado ou declarado para obxectos históricos-artísticos relacionados en póliza e valor de mercado para os non especificados.

FRANQUÍAS

Non será de aplicación franquía algunha para todas e cada unha das garantías.

INTERMEDIACIÓN DO CONTRATO

a) Todos os avisos e notificacións que se deriven deste contrato serán dados polo Asegurado ao Asegurador

As notificacións relativas a modificacións nas sumas aseguradas ou aos riscos cubertos realizaranse polo mesmo procedemento.

b) Para os efectos de simplificar a administración ao Asegurado, o presente seguro establécese con base nunha póliza única estendida polo Asegurador dirixente, cuxo documento é aceptado

integrante polos restantes Coaseguradores mediante a súa firma, en proba de conformidade, ao final das Condicións Especiais e Particulares das que forman parte estas cláusulas.

Queda entendido que o establecido no parágrafo anterior non implica que as Coaseguradoras respondan solidariamente do cumprimento das obrigas que asumen por esta Póliza. A responsabilidade de cada unha delas é propia e independente da das restantes Coaseguradoras, determinándose de conformidade coas porcentaxes fixadas no cadro de Coaseguro e sen que por ningún concepto poida esixirlas o pagamento de indemnización, que excedan das que resulten da aplicación das devanditas porcentaxes.

En caso de emisión de suplementos, establecerase, tamén ao igual que consegue este contrato orixinal, un só documento, o cal será asinado ao igual que a póliza polo Asegurador Dirixente e polos restantes Coaseguradores.

c) Nas súas relacións co Asegurado, as Coaseguradoras estarán sempre representadas polo Asegurador Dirixente, mesmo cando se trate de declarar, tramitar ou liquidar os sinistros que acaeceren.

d) Para os efectos de pagamento de primas, convense tamén a emisión dun só recibo que librará o Asegurador dirixente, nas condicións previstas na cláusula XV (Pagamentos), do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras deste concurso.

e) En caso de sinistro, os Coaseguradores comprométense a entregar ao Asegurador dirixente as cifras de indemnización ao seu cargo, tan pronto como por este sexan requiridas para tal efecto, presentado -como no caso de cobramento- un só Recibo Liquidación ao Asegurado pola totalidade da indemnización.

PRESUPOSTO: 3.600 Euros/anuais (impostos, Prima do CCS e outros tributos incluídos) (Orzamento concello: 2.773.846,04 euros)

INFORMACIÓN SOBRE O RISCO

O asegurador reconece ter recibido toda a información sobre o risco de forma tal que lle permitiu apreciar o alcance e natureza do risco que asume e, en consecuencia, renuncia ao seu dereito a prevalerse en caso de sinistro de calquera falta, erro ou omisión na declaración por parte do asegurado sobre os devanditos riscos, salvo que exista unha manifesta conduta dolosa ou negligente por parte do asegurado.

RESCISIÓN EN CASO DE SINISTRO

Derrogando o que establezan as condicións xerais da póliza, o asegurador renuncia a rescindir o presente contrato durante a súa vixencia, como consecuencia do acaecemento dun sinistro.

CONTIDO DA PÓLIZA

Formará parte integrante da póliza que se emita o presente prego de prescricións técnicas, o prego de cláusulas administrativas así como as melloras que sendo ofertadas polo licitador, sexan aceptadas polo tomador.

ANEXO I: RELACIÓN EDIFICIOS

- 1 CASA DO CONCELLO, XULGADO E BIBLIOTECA – FORTE
- 2 CASA DA CULTURA DE CAMPORRAPADO – OURAL
- 3 CENTRO DE SAÚDE DO FORTE
- 4 CENTRO DE SAÚDE DE LESTEDO
- 5 CPI ANTONIO ORZA COUTO – FORTE
- 6 CENTRO SOCIAL DA GRANXA
- 7 CENTRO SOCIAL DE CODESO
- 8 CENTRO SOCIAL DE GASTRAR

- 9 CENTRO SOCIAL DE LEDESMA
- 10 CENTRO SOCIAL DE LESTEDO E PARQUES INFANTÍS
- 11 CENTRO SOCIAL DE LOUREDA
- 12 CENTRO SOCIAL DE LOUREIRO
- 13 CENTRO SOCIAL DE NOENTE
- 14 CENTRO SOCIAL DE VIGO
- 15 CENTRO SOCIAL DE SERGUDE
- 16 ESCOLA UNITARIA DE LESTEDO
- 17 ESCOLA UNITARIA DE LAMAS
- 18 ESCOLA UNITARIA CAMPORRAPADO
- 19 PUNTO LIMPO
- 20 PAVILLÓN MUNICIPAL DO FORTE
- 21 PAVILLÓN MUNICIPAL DE LESTEDO
- 22 XIMNASIO DO FORTE
- 23 PISCINA MUNICIPAL
- 24 BASE PROTECCIÓN CIVIL DO FORTE

PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DUN SEGURO DE RISCOS PATRIMONIAIS, PERSOAIS E DE RESPONSABILIDADE CIVIL DERIVADOS DO USO DOS VEHÍCULOS A MOTOR DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN

1.- OBXECTO DO CONTRATO

É obxecto do presente prego de prescricións técnicas determinar as condicións mínimas que ampararán a póliza global do seguro que se subscriba para a flota de vehículos do Concello de Boqueixón, especificados no Anexo I a este prego, conforme as condicións técnicas que se determinan no mesmo e as condicións establecidas no prego de cláusulas administrativas, as cales teñen consideración de coberturas mínimas.

2.- DATA DE EFECTO:

00:00 h horas do 15 de xaneiro de 2016 ata as 24 h. do 14 de xaneiro de 2018

3.- SUXEITOS DA CONTRATACIÓN

Oferente: As Entidades Aseguradoras oferentes que, tendo plena capacidade de obrar, non se atopen incursas en algunha das prohibicións de contratar sinaladas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, que acrediten a súa solvencia económica, financeira, técnica ou profesional e que acrediten a súa inscrición no Rexistro da Dirección Xeral de Seguros coa autorización precisa no ramo de Automóbiles.

Tomador do Seguro: CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Condutores: Os vehículos poderán ser conducidos por calquera persoa autorizada polo Concello de BOQUEIXÓN, en posesión da licenza administrativa adecuada para o tipo de vehículo conducido.

4.- LÍMITE XEOGRÁFICO:

Tódalas coberturas contratadas quedarán automaticamente estendidas aos países que conforman o espazo económico europeo, os adheridos ó Convenio Multilateral de Garantía e os países adscritos ó sistema de carta verde.

5.- FORMA DE ASEGURAMENTO:

Póliza de flota.

- Emisión de Certificados de seguros individuais.
- Emisión dun recibo único ó inicio da vixencia da póliza.
- Emisión de recibos individuais para as novas altas posteriores á entrada en vigor da póliza, que se liquidarán no mes seguinte.

Nos certificados deberá indicarse ademais do tomador do seguro, o vehículo (marca, modelo, matricula).

6. GARANTÍAS:

6.1 Garantías mínimas segundo o tipo de vehículo:

Responsabilidade Civil de Subscrición Obrigatoria S.O.A.

A póliza garantirá ata os límites cuantitativos vixentes, a obrigaón indemnizatoria derivada dos condutores dos vehículos reseñados nas condicións particulares de feitos da circulación nos que interveñan ditos vehículos e dos que resulten danos as persoas e/ou os bens. Esta obrigaón será esixible a tenor do disposto na Lei sobre Responsabilidade Civil e Seguro na Circulación de vehículos a motor, e na súa redacción dada pola Lei 30/1995, de 8 de novembro, de Ordenación e Supervisión de Seguros Privados, e no Regulamento sobre a Responsabilidade Civil e seguro en circulación de vehículos a motor, aprobada por R.D. 7/2001, de 12 de xaneiro.

Esta cobertura obrigatoria non alcanzará os danos corporais ou materiais producidos ó CONDUCTOR do vehículo identificado na póliza.

Ademais do seguro de Responsabilidade civil de subscrición Obrigatoria garantirase, segundo o caso, as coberturas que a continuación se detallan, indicándose na relación adxunta de vehículos, as correspondentes a cada un de eles:

Responsabilidade Civil de Subscrición Voluntaria cun límite de 50 millóns de euros por evento e en exceso dos límites do seguro obrigatorio (R.C.V.)

Por esta modalidade garantirase o pago das indemnizacións a que, en virtude do disposto nos artigos 1.902 e concordantes do Código Civil e 116 e concordantes do Código Penal, o Asegurado ou o Conductor autorizado e legalmente habilitado, sexan condenados a satisfacer a consecuencia da Responsabilidade Civil Extracontractual derivada dos danos causados a terceiros con motivo da circulación co vehículo asegurado.

Esta garantía cubrirá as indemnizacións, dentro do límite pactado nas condicións particulares da póliza, que excedan da cobertura de RESPONSABILIDADE CIVIL de Subscrición Obrigatoria (SOA) fixada en cada momento polas disposicións legais que regulen dita cobertura.

Quedan excluídas das garantías desta modalidade:

A Responsabilidade Civil por danos causados ás cousas transportadas no vehículo.

A responsabilidade por danos causados polas cousas transportadas no vehículo, ou que se atopen en poder do ASEGURADO ou de persoas de quen éste deba responder.

O pago de multas ou sancións impostas polos Tribunais ou Autoridades competentes, e as consecuencias do seu impago.

Defensa e Reclamación de Danos

Por esta modalidade, o asegurador obrigase, dentro dos límites establecidos na lei, a facerse cargo dos gastos nos que poida incurrir o asegurado como consecuencia da súa intervención nun procedemento xudicial e prestarlle os servizos de asistencia xurídica xudicial e extraxudicial derivados da cobertura do seguro de automóviles.

Así mesmo, o asegurador garante a reclamación ó terceiro responsable, amistosa ou xudicialmente, en nome do Asegurado, da indemnización polos danos e prexuízos causados por dito terceiro con motivo de feitos que deriven do risco asegurado.

Seguro de Accidentes Corporais do Conductor do Vehículo e Ocupantes

Esta cobertura amparará ó condutor e ó resto de ocupantes do vehículo polos accidentes que sufran relacionados coa condución do vehículo asegurado, en tanto se atopen no seu interior, subindo ou baixando deste ou prestando axuda en caso de que dito vehículo sufra unha avaría en ruta.

As sumas aseguradas establecidas por cada garantía son:

- Falecemento. 18.000,00 euros.
- Invalidez permanente absoluta. 18.000,00 euros.
- Asistencia sanitaria. Incluída

Entenderase por condutor, a persoa autorizada polo Concello de Boqueixón, en posesión da licenza administrativa adecuada para o tipo de vehículo conducido, sen limitacións de idades e antigüidades do permiso de conducir.

- **Rotura de Lunas**

Por esta cobertura cóbrese a indemnización pola rotura de lúas dianteira e traseira, das portas e de outras laterais do vehículo asegurado, cando a súa rotura se produza por unha causa exterior, violenta e instantánea e axea á vontade do asegurado o do condutor, atopándose o vehículo en circulación, en repouso ou durante o seu transporte.

Exceptúanse desta garantía os faros, pilotos, intermitentes, espellos e vidros.

Esta cobertura aplicarase a tódolos vehículos e maquinaria que teñan lúas.

Asistencia en Viaxe

A aseguradora dará esta cobertura ó vehículo asegurado no caso de avaría ou accidente, dende o Km. 0 ata taller designado polo tomador do seguro.

6.2 Garantías opcionais:

DANOS PROPIOS, ROUBO E INCENDIO.

Danos Propios

Esta cobertura comprende os danos que poida sufrir o vehículo asegurado como consecuencia dun accidente producido por unha causa exterior, violenta e instantánea, en todo caso con independencia da vontade do condutor, atopándose o vehículo tanto en circulación como en repouso ou en curso do seu transporte.

Incendio

Esta cobertura comprende os danos que poida sufrir o vehículo asegurado por incendio e explosión, en todo caso con independencia da vontade do condutor, atopándose o vehículo tanto en circulación como en repouso.

Roubo

Esta cobertura comprende a obrigaón a indemnizar ó asegurado en caso de subtracción ilexítima do vehículo asegurado, por parte de terceiros.

Quedan excluídos os accesorios do vehículo asegurado non comprendidos entre os integrantes do vehículo a súa saída de fábrica. Esta excepción non terá lugar cando ditos accesorios foran sido expresamente indicados para o seu aseguramento.

Exclusións a esta cobertura:

A subtracción que teña o seu orixe en negligencia grave do Asegurado, do Tomador do seguro ou das persoas que de eles dependan ou con eles convivan.

As subtraccións das que foran autores, cómplices ou encubridores os familiares do Asegurado, Tomador do seguro, ata o terceiro grado de consanguinidade ou afinidade, ou os dependentes ou asalariados de calquera de eles.

En caso de subtracción o Asegurado deberá dar coñecemento da mesma ás autoridades, pondo da súa parte cantos medios teña o seu alcance para o descubrimento dos autores e recuperación do substraído.

RESPONSABILIDADE CIVIL DA CARGA
RETIRADA DO PERMISO DE CONDUCIR

7.- FRANQUIAS

Non se admitirán franquías.

8.- MELLORAS

Os licitadores estarán facultados para reflectir nas súas propostas as melloras que, sen prexuízo do establecido no presente Prego, poidan concorrer á mellor realización do contrato, e que poidan versar entre outras (a modo enunciativo e non limitativo) en:

- 1) Incremento de sumas aseguradas en accidentes.
- 2) Incluír garantías de danos propios como: Roubo, incendio, ...
- 3) Retirada do permiso de conducir.
- 4) Garantía de Responsabilidade Civil da carga.

5) Vehículo de substitución

6) E calquera outra mellora que o licitador oferte tanto por inclusión como pola súa limitación ou supresión nas exclusións habituais de cada garantía.

No suposto de que os licitadores presenten melloras sobre as coberturas e garantías esixidas neste prego, deberán detalla-las na oferta en foxa anexa.

9.- RELACIÓN DE VEHÍCULOS E GARANTÍAS DE APLICACIÓN

No **Anexo I** especificaranse os vehículos que compoñen a flota que se vai asegurar e a continuación indícanse os tipos de cobertura que se requiren para cada un deles, segundo a súa tipoloxía:

Vehículos (Turismos, Todo Terrenos, Furgóns, Camións e Derivados de turismos): RCO, RCV, DeR, AV, ACC, RV: Responsabilidade Civil de Subscrición Obrigatoria, Responsabilidade Civil de Subscrición Voluntaria, Defensa e Reclamación de Danos, Asistencia en Viaxe, Seguro de Accidentes do conductor / ocupantes ata 18.000 € ,Rotura de vidros.

Remolques/Semiremolques: RCO, RCV, DeR, AV: Responsabilidade Civil de Subscrición Obrigatoria, Responsabilidade Civil de Subscrición Voluntaria, Defensa e Reclamación de Danos, Asistencia en Viaxe.

Vehículos industriais/Agrícolas/Maquinaria: RCO, RCV, DeR: Responsabilidade Civil de Subscrición Obrigatoria, Responsabilidade Civil de Subscrición Voluntaria, Defensa e Reclamación de Danos.

Ciclomotores/Motocicletas: RCO, RCV, DeR, AV, ACC.: Responsabilidade Civil de Subscrición Obrigatoria, Responsabilidade Civil de Subscrición Voluntaria, Defensa e Reclamación de Danos, Asistencia en Viaxe, Seguro de Accidentes do conductor / ocupantes ata 6.000 €.

10.- ADMINISTRACIÓN DA POLIZA DE AUTOMÓBILES: ALTAS E BAIXAS E MODIFICACIÓNS DE COBERTURA

No caso de altas ou baixas de vehículos e/ou modificacións das distintas coberturas descritas no presente contrato, deberase respectar o prezo estipulado neste período para outros vehículos de similares características e coberturas.

No suposto de altas de vehículos e/ou modificacións de cobertura, durante a vixencia do contrato, a Compañía quedará obrigada a asumir as coberturas solicitadas polo Tomador, mediante o cobro da prima correspondente, sempre e cando os riscos e garantías sexan similares os xa existentes. A dito importe realizarase o prorrato ata 31 de decembro de cada ano en curso.

No suposto de que se produzan baixas de vehículos, a Compañía quedará obrigada a extornar parte da prima non consumida ata o vencemento do contrato (neste caso é necesario a devolución do recibo por parte do Tomador) no mes seguinte á comunicación da baixa do vehículo.

As comunicacións e a tramitación dos sinistros levaranse a cabo de acordo cos procedementos indicados pola compañía adxudicataria na correspondente memoria técnica sen prexuízo das adaptacións que o Órgano de Contratación considere necesario realizar en función das súas necesidades específicas ou da súa peculiar organización administrativa.

PRESUPOSTO: 4.000,00 Euros/anuais (impostos, Prima do CCS e outros tributos incluídos)

ANEXO I Listado de composición da flota de vehículos municipais

MATRICULA	RISCO	TIPO
7822 BFV	REMOLQUE	REMOLQUE
E-7414-BSL	CAMIÓN LIXO	CAMIÓN
E-9398-BFL	VARREDORA	VEHÍCULO INDUSTRIAL
3900-FZS	MAN TGL 8210 BUL	CAMIÓN BOMBEROS
E-9937-BFF	RETROESCAVADORA	MAQUINARIA INDUSTRIAL
B-63376-VE	DUMPER MULTITOR	MAQUINARIA INDUSTRIAL
E-2003-BFV	CLAAS ARION 420	TRACTOR

8736-GSN	NISSAN NAVARA	PICK-UP BOMBEROS
E-3799-BFV	CLAAS ARION 610C	TRACTOR
5530GZZ	FIAT SCUDO KB9	FURGONETA 9 PLAZAS
6531BM	PEGASO	MOTOBOMBA
C-6319-CG	NISSAN TERRANO	TODOTERRENO
8745-GZZ	NISSAN QASHQAI	TODOCAMIÑO
1599-GZL	FIAT DOBLO COMBI 1.6	FURGONETA
1600 -GZL	FIAT DOBLO COMBI 1.6	FURGONETA
5771-DFF	NISSAN TERRANO TDI	TODOTERRENO
R9939BCK	REMOLQUE	REMOLQUE

PREGO DE PRESCRIPCIONES TÉCNICAS, PARTICULARES E ESPECIAIS PARA A CONTRATACIÓN DO SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL/PATRIMONIAL DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN

CONDICIONES PARTICULARES

1.- TOMADOR DO SEGURO:

Concello de Boqueixón
Forte s/n , 15881 Boqueixón

1.1.- ASEGURADOS: Tenderán a consideración de asegurados neste contrato:

- O Concello de Boqueixón, e as entidades de dereito público con personalidade xurídica propia vinculadas o dependentes do mesmo.
- O seus representantes, directivos, tódalas autoridades e membros da administración, funcionarios, empregados e, en xeral, cantas persoas dependan, de feito e de dereito, do tomador do seguro ou do asegurado, mentres actúen no exercicio das súas funcións e no ámbito da devandita dependencia. A condición do asegurado aplicarase a todo o persoal que preste os seus servizos para os organismos citados, calquera que fora a súa relación de dependencia laboral ou administrativa (funcionario con praza en propiedade, interino, contratado ou similar), sempre que sexan remunerados polos citados organismos. Inclúese así mesmo ó persoal en formación e/o en prácticas, os traballadores incorporados en plans de ocupación, os voluntarios de protección civil dependentes da administración.
- Os membros das comisións de festas organizadas pola Concello, na súa actividade de organización e desenvolvemento de festas, así como os profesores, monitores, voluntarios e demais persoal que axude, colabore ou dirixa as actividades culturais, recreativas ou asistenciais patrocinadas e promovidas pola administración. A persoa física ou xurídica, titular de interese obxecto do seguro e que, en defecto do tomador, asume as obrigacións derivadas do contrato.

2.- DATA DE EFECTO:

00:00 h horas do 15 de xaneiro de 2016 ata as 24 h. do 14 de xaneiro de 2018

3.- ALCANCE E EXTENSIÓN DO SEGURO

A definición do Obxecto do Seguro, Asegurado e Riscos Cubertos deberá axustarse á indicada nas **CONDICIÓNES ESPECIAIS** que forman parte deste Prego, e que servirán de base para a realización das ofertas.

As coberturas, riscos cubertos e demais garantías ou condicións deberán incluír como mínimo as indicadas como **COBERTURAS BÁSICAS** neste Prego, pero sen que deban limitarse a elas, podendo os licitantes ofertar adicionalmente as **COBERTURAS COMPLEMENTARIAS OPCIONAIS** que así mesmo cítanse e calquera outras coberturas, garantías ou condicións máis vantaxosas ou favorables para os intereses do **CONCELLO DE BOQUEIXÓN**

As exclusións, excepcións e outras limitacións que se citan nas **CONDICIÓNES ESPECIAIS** teñen o carácter de máximas, sen que exista a posibilidade de modificar o seu alcance ou establecer restricións ou limitacións adicionais ou complementarias.

4.- SUMAS ASEGURADAS

Os límites de indemnización que como mínimo deberán garantirse son:

Límite máximo por sinistro e ano:	300.000,00 euros
Sublímete por vítima, exclusivamente para R.Civil Patronal e RC Cruzada:	150.000,00 euros

5.- FRANQUIA

A franquía máxima aplicable por sinistro será de: **300 euros**.

6.- PRIMAS

A prima total anual terá como máximo un importe de **3.000,00 euros**

Regularizacións: No caso de que a prima de seguro ofertada se atope suxeita a variación e/ou regularización en función de determinados parámetros (como por exemplo: presuposto municipal anual, nº habitantes, etc.), deberán indicarse claramente os criterios obxectivos sobre os cales se establece o seu cálculo.

CONDICIÓNS ESPECIAIS

PRELIMINAR

ART.1. DEFINICIÓNS

TOMADOR DO SEGURO: Terá a consideración de tomador do seguro ó Concello de Boqueixón que, xuntamente co asegurado, subscribe o presente contrato e á que corresponden as obrigacións que do mesmo se deriven, salvo as que, por a súa natureza, deban ser cumpridas polo asegurado.

ASEGURADO: Persoa titular de interese exposto ó risco a quen corresponden, e no seu caso, os dereitos derivados do contrato. O asegurado poderá asumir as obrigacións e deberes do tomador do seguro.

Tenderán a consideración de asegurados neste contrato:

- O **Concello de Boqueixón**, e as entidades de dereito público con personalidade xurídica propia vinculadas o dependentes do mesmo.
- O seus representantes, directivos, toda-las autoridades e membros da administración, funcionarios, empregados e, en xeral, cantas persoas dependan, de feito e de dereito, do tomador do seguro ou do asegurado, mentres actúen no exercicio das súas funcións e no ámbito da devandita dependencia. A condición do asegurado aplicarase a todo o persoal que preste os seus servizos para os organismos citados, calquera que fora a súa relación de dependencia laboral ou administrativa (funcionario con praza en propiedade, interino, contratado ou similar), sempre que sexan remunerados polos citados organismos. Inclúese así mesmo ó persoal en formación e/o en prácticas, os traballadores incorporados en plans de ocupación, os voluntarios de protección civil dependentes da administración.
- Os membros das comisións de festas organizadas pola Concello, na súa actividade de organización e desenvolvemento de festas, así como os profesores, monitores, voluntarios e demais persoal que axude, colabore ou dirixa as actividades culturais, recreativas ou asistenciais patrocinadas e promovidas pola administración. A persoa física ou xurídica, titular de interese obxecto do seguro e que, en defecto do tomador, asume as obrigacións derivadas do contrato.

TERCEIROS:

Terán a consideración de Terceiros ós efectos deste contrato:

Os asegurados na súa calidade de usuarios da asistencia e dos servizos da administración contratante

Calquera persoa física ou xurídica distinta do contratante do seguro e dos asegurados, sempre que acredite haber sufrido prexuízos ou danos avaliábeis economicamente, como consecuencia das actividades dos asegurados.

DANOS:

Só serán indemnizables por esta póliza os danos:

- **CORPORAIS:** As lesións, enfermidades ou falecemento sufrido por persoas físicas
- **MATERIAIS:** O dano, deterioro ou destrución dunha cousa, así como o dano ocasionado a animais.
- **PREXUIZOS:** A perda económica consecuencia directa dos danos corporais ou materiais sufridos polo reclamante de dita perda.

SINIESTRO:

Todo feito do que poida resultar legalmente responsable o asegurado, sempre que sexa obxecto deste contrato de seguro e poña en xogo as garantías da póliza de conformidade ós termos e condicións pactados.

Terá a consideración de sinistro a produción por acción ou omisión dun resultado danoso, exista ou non cumpra no asegurado, que cause un prexuízo efectivo, evaluable individual e economicamente

respecto a unha persoa ou grupo de persoas, existindo un nexos causal entre a acción ou omisión e o dano, e desemboque na presentación dunha reclamación contra o asegurado.

RESPONSABILIDADE:

A responsabilidade é a obrigaón de reparar o dano causado a un terceiro, indemnizando ou realizando outras prestacións conveñidas no seu favor. Dentro do concepto de responsabilidade, enténdese por

- Responsabilidade civil:

A derivada do incumprimento dunha obrigaón contractual, dos cuasicontratos, dos actos ou omisións ilícitos e dos actos ou omisións en que interveña calquera xénero de culpa ou negligencia.

- Responsabilidade patrimonial das administracións públicas:

A atribuída polo ordenamento xurídico á administración por aqueles danos producidos ó particular como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, con exclusión dos supostos de forza maior.

ACTO ADMINISTRATIVO:

Toda acción ou omisión imputable ó asegurado no desenvolvemento da xestión administrativa en xeral, incluídas as accións ou omisións puramente materiais ou de feito.

GASTOS DE DEFENSA:

Os honorarios, custes e gastos razoables en que incorra o asegurado para a súa defensa con ocasión dun SINISTRO cuberto por este contrato.

UNIDADE DE SINISTRO:

Considerase como un só e único sinistro a sucesión de feitos ou circunstancias que se deriven dun mesmo orixe ou igual causa, con independencia do número de prexudicados e reclamacións formuladas. Considerase como data do sinistro a do momento de consumación e evento danoso.

LÍMITE DE INDEMNIZACIÓN POR SINISTRO:

Cantidade máxima que, en calquera caso, verase obrigado a indemnizar o asegurador por cada sinistro amparado pola póliza, sexa cal fose o número de coberturas afectadas e o número de vítimas ou prexudicados.

SUBLÍMITES:

Cantidades indicadas nas condicións particulares que representan os límites máximos asumidos polo asegurador para cada unha das garantías especificadas en ditas condicións, a tal efecto entenderase como sublímete por vítima a cantidade máxima indemnizable pola póliza por cada persoa física afectada por lesións, enfermidade e incluso a morte, sen prexuízo do límite máximo por sinistro definido en condicións xerais como suma asegurada.

LÍMITE POR ANUALIDADE:

A cantidade máxima a cargo do asegurador por cada período de seguro, con independencia de que sexa consumida nun ou varios sinistros, entendendo por período de seguro o comprendido entre a data do efecto e de vencemento, expresadas nas condicións particulares ou no período anual establecido no último recibo de primas.

FRANQUÍA:

A cantidade ou procedemento para a súa dedución establecido nas condicións particulares desta póliza, que non será de conta do asegurador por ser asumida directamente polo asegurado ou por outro seguro distinto.

Por tanto, o asegurador só indemnizará os sinistros ata o límite da suma asegurada en exceso das cantidades resultantes como franquía.

RECLAMACIÓN:

O requirimento xudicial ou extraxudicial formulado con arranxo ó dereito contra o asegurado como presunto responsable dun feito danoso amparado pola póliza, ou contra o asegurador, no exercicio da acción directa, por tal motivo. Así como a comunicación do asegurado ó asegurador de calquera feito ou circunstancia da que puideran derivarse responsabilidades.

ART.2. OBXECTO DO SEGURO

O asegurador garante ó Concello de Boqueixón, mediante o abono da prima estipulada, o pago das indemnizacións das que poida resultar legalmente responsable el asegurado por o funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, por danos corporais ou materiais e prexuízos consecuencias ocasionados a terceiros, así como los custes e gastos xudiciais e extraxudiciais,

sempre que o asegurador asuma a dirección xurídica fronte á reclamación e a prestación de fianzas para garantir as resultas civís de ditos procedementos, de acordo coas definicións, termos e condicións consignados na póliza.

ART.3. ALCANCE DO SEGURO - RISCOS CUBERTOS

Queda amparada pola póliza calquera responsabilidade que, estando incluída dentro do Obxecto do seguro, non se encontre especificamente excluída nestas condicións especiais.

A extensión das coberturas veñen definida polas COBERTURAS BÁSICAS e adicionalmente, polas COBERTURAS COMPLEMENTARIAS OPCIONAIS que expresamente se inclúan.

3.1. COBERTURAS BÁSICAS

O presente contrato suscríbese como un todo risco de responsabilidade, de forma que, salvo aquelas responsabilidades que estean excluídas expresamente na presente póliza, tódalas demais nas que incorra o asegurado encóntranse cubertas ata os límites indicados.

A título meramente enunciativo e non limitativo garantiranse as responsabilidades do asegurado que se detallan a continuación, a redacción específica será proposta polas ofertas técnicas que presenten as compañías aseguradoras, con obxecto de salvagardar ó máximo o principio de concorrencia das compañías aseguradoras na contratación do seguro obxecto do presente prego.

A mesa de contratación valorará, de acordo cos contidos do informe técnico que se emita pola unidade correspondente, e cos criterios de ponderación fixados no Prego de cláusulas administrativas, a proposición que sexa máis vantaxosa.

3.1.1. RESPONSABILIDADE CIVIL/PATRIMONIAL

Baixo este apartado entenderanse cubertos os seguintes riscos:

- Accións ou omisións do alcalde, conselleiros, técnicos, axentes, funcionarios, empregados fixos ou contratados e, en xeral, tódalas persoas polas que debe legalmente responder, sempre e cando ditas accións ou omisións teñan lugar no exercicio da función municipal das persoas citadas e estas non se encontren sancionadas ou inhabilitadas para a práctica da mesma.
- A utilización de maquinaria, aparatos e equipos necesarios para a actividade asegurada.
- A propiedade e mantemento de instalacións de alumeadado público, rede de sumidoiros, así como de galerías e canalizacións para subministro de auga, gas ou electricidade.
- As derivadas do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos prestados.
- Danos que se poidan ocasionar pola tenencia, utilización, mantemento e estado de conservación de estradas, pontes, vías públicas, rais, soportes para vehículos e camiños veciñais, praias a cargo da Concello.
- A propiedade ou explotación de instalacións deportivas, como campos de fútbol, piscina, polideportivos, etc...
- O subministro de alimentos, comidas, ou bebidas nos bares ou restaurantes instalados dentro del local/es ou recinto/s obxecto do seguro.
- Danos derivados de incendio, explosión, fumo, auga, gases, olores, vapores, fundamentos e correntes de terras.
- Como promotor ou construtor, de obra nova, obras de construción ou de mantemento, reparación, ampliación ou reforma das edificacións ou instalacións da súa propiedade, que teñan a consideración de obras menores ou un presuposto de obra de 1.202.024,20 € como máximo.
- Manifestacións festivas, culturais ou deportivas organizadas pola Concello asegurada, tales como conferencias, exposicións, competicións, feiras, cabalgatas e similares.
- Queda amparada a responsabilidade civil que directa, solidaria ou subsidiariamente puidera imputarse á Concello polos danos causados por contratistas e subcontratistas, con ocasión dos traballos que efectúen estes últimos por conta da Concello.
- Responsabilidade civil subsidiaria do tomador/asegurado como consecuencia do uso de vehículos a motor propiedade dos seus empregados ou alugados por estes cando son ocasionalmente postos a súa disposición para comisións de servizo.

Esta cobertura só actúa en exceso de calquera outra póliza válida e cobrable, sexa ou non a nome do asegurado, e sempre sobre as cifras establecidas para o seguro obrigatorio e voluntario de vehículos a motor.

- Como consecuencia de danos, ocasionados pola prestación do servizo de extinción de incendios, ás persoas ou bens axéneos á actividade de socorrer e apagar o lume.
- Debidos á actuación dos servizos de seguridade tales como Policía e vixilantes de seguridade, por medio de persoas armadas, animais e dispositivos mecánicos, eléctricos e electrónicos destinados a tal fin.
- Como consecuencia das operacións de transporte, carga, descarga, recollida e distribución de mercancías e materiais propios das actividades do asegurado, limitándose a cobertura ós danos causados polas mercancías transportadas e actuando en exceso de calquera outra póliza válida e cobrable.
- Explotación directa ou indirecta de matadoiros, mercadillos e mercados municipais.
- Existencia de contedores de lixos, e as súas suxeccións accesorios, papeleiras en en xeral recipientes de recollida de lixo así coma os servizos municipais de limpeza e recollida de lixo.
- Ocasionados con motivo da participación en exposicións, congresos, simposios ou similares, visitas de terceiros ós locais propios, así como pola realización de excursións e festas organizadas pola Concello, excepto polas accións ou omisións dos participantes que teñan un carácter estritamente privado.
- Amparase expresamente, de conformidade coa normativa legal vixente, as consecuencias da contaminación das augas, terreos ou atmosfera sempre que se derive dunha causa imprevista, repentina, non intencionada que se desvíe da marcha normal da actividade asegurada.

3.1.2. RESPONSABILIDADE CIVIL PATRONAL POR ACCIDENTES DE TRABALLO

A presente cobertura estendese a amparar a responsabilidade civil que, lle sexa esixida ó asegurado de conformidade coa normativa legal vixente e con suxeición ós límites e estipulacións contidos na póliza por accidentes sufridos polos traballadores con ocasión da realización do seu traballo.

A tal efecto teñen la consideración de traballadores:

- Os asalariados do asegurado incluídos na nómina e dados de alta no seguro de accidentes de traballo así como os traballadores con relacións de traballo temporal ou de duración determinada, e os contratados por empresas de traballo temporal e outros dependentes do asegurado ó marxe de relación laboral.

3.1.3. RESPONSABILIDADE CIVIL PROFESIONAL

Queda garantida a responsabilidade civil do asegurado no exercicio da súa actividade profesional (persoal técnico titulado) por erros ou omisións profesionais que causen danos corporais, materiais o prexuízos consecuencias fronte a terceiros, mentres exerzan a súas funcións para e por conta da Concello ou doutras sociedades/entidades dependentes da Concello.

A modo enunciativo e non limitativo quedarán garantidas as responsabilidades derivadas de:

- As actividades de dirección e/ou supervisión de obras e/ou proxectos de construción, montaxe, ampliación ou reforma.
- A actuación profesional de médicos propios e os seus asistentes sanitarios en canto se limiten as curas de urxencia, servizos médicos de empresa, exames clínicos do persoal dependente e de aspirantes ou candidatos e dependentes, incluso polo uso de aparatos necesarios para a súa actividade.
- A actuación profesional do persoal sanitario dependente do Concello na súa actividade de asistencia social (terceira idade, discapacitados, toxicómanos, axuda a domicilio e similares).

Esta cobertura actuará en exceso e/o diferenza de condicións respecto doutros seguros subscritos, obrigatorios ou non.

3.1.5. SUBMINISTRO E DISTRIBUCIÓN DE AUGA

3.1.6. GASTOS DE DEFENSA E FIANZAS

Co límite da suma asegurada estipulado nas condicións particulares e sempre que o obxecto da reclamación estea incluído nas coberturas da póliza, quedan tamén garantidas:

- A constitución das fianzas xudiciais esixidas para garantir as resultas civís do procedemento.

- As costas xudiciais, que serán abonadas na mesma proporción existente entre la indemnización que deba satisfacer o asegurador, de acordo co previsto na póliza, e o importe total da responsabilidade do asegurado no sinistro.
- A defensa persoal do asegurado nos procedementos xudiciais, incluso nos penais que se lle seguiran aínda despois de liquidada a responsabilidade civil / patrimonial. A compañía aseguradora asumirá as súas expensas a dirección xurídica fronte á reclamación do prexudicado, designando letrado e procurador ó asegurado para as actuacións xudiciais que se lle seguirán en reclamación de responsabilidades cubertas por esta póliza. Si se tratara duna causa criminal, requirírase o consentimento do defendido para que a compañía poida asumir a súa defensa.
- De existir conflito de intereses entre o asegurado e a compañía de seguros, ou si nunha causa penal o asegurado optara por confiar a súa defensa a outra persoa, a compañía quedará obrigada a abonar os gastos de tal dirección xurídica ata o límite fixado polo licitador na súa oferta.

O asegurado deberá facilitar á compañía de seguros os poderes necesarios a favor das persoas que se designen e prestar a súa colaboración e apoio en aquilo que sexa posible.

Non será de aplicación esta garantía cando o asegurado sexa representado e/o defendido por letrados que sirvan nos servizos xurídicos das administracións públicas.

3.1.7. LIBERACIÓN DE GASTOS:

A suma asegurada pola póliza enténdense liberada de calquera dedución polos gastos xudiciais mencionado se estes, engadidos á indemnización satisfeita, excederan do límite por sinistro, sempre e cando se trate de accións formuladas ante os tribunais españois.

No suposto de subscribirse ampliación expresa do ámbito territorial de cobertura, e a acción se exercite ante tribunais estranxeiros, non se aplicará a citada cláusula de liberación de gastos, quedando os mesmos sempre incluídos na suma asegurada polo sinistro, que constituirá en todo caso o importe máximo a cargo do asegurado.

3.2. COBERTURAS COMPLEMENTARIAS (OPCIONAIS):

3.2.1 DANOS PATRIMONIAIS PUROS

3.2.2. PÉRDA OU EXTRAVÍO DE DOCUMENTOS

ART.4. RISCO EXCLUIDOS

Con obxecto de promover ó máximo a concorrencia das compañías á contratación do seguro que se delimita no presente prego, non se especifican as exclusións, para que poidan ser delimitadas tecnicamente polas ofertas técnicas que presenten as citadas compañías.

Non obstante, o órgano de contratación valorará a proposición que sexa máis vantaxosa, de acordo cos contidos do informe técnico que se emita pola unidade correspondente e os criterios de ponderación fixados no prego de cláusulas administrativas particulares. Rechazaranse aquelas ofertas que limiten o obxecto deste seguro mediante exclusións non comúns no mercado asegurador.

ART.5. AMBITO TERRITORIAL

A cobertura da póliza só amparará reclamacións formuladas ante a xurisdición española por feitos ocorridos en España, que se traduzan en responsabilidades ou outras obrigacións impostas con arranxo ás disposicións legais vixentes no territorio español. Ampliarase a cobertura a todo o mundo, excepto USA, Canadá respecto da asistencia do persoal do asegurado a cursos de formación, seminarios, simposios ou similares en territorios fora de España.

ART.6. ÁMBITO TEMPORAL

O contrato de seguro surtirá efecto por danos ocorridos por primeira vez durante a vixencia, que o feito xerador tivera lugar despois da data de efecto do contrato a reclamación sexa comunicada ó asegurador de maneira fehaciente no período de vixencia da póliza ou no prazo de 24 MESES a partir da data de extinción do contrato.

ART.7. RENUNCIA Á RESCISIÓN NO CASO DE SINISTRO

Derogando o que establezan as condicións xerais da póliza, o asegurador renuncia a rescindir o presente contrato durante a súa vixencia, como consecuencia do acaecimento dun sinistro.

ART.8. CONFIDENCIALIDADE

O asegurador deberá manter a confidencialidade dos datos que lle subministre o asegurado no cumprimento execución das condicións especiais previstas e non deberá utilizar dita información máis que para as finalidades específicas e especialmente delimitadas que se deriven da cobertura dos riscos.

Así mesmo, deberá controlar o acceso información a que se fai referencia no parágrafo anterior no caso de que foran informatizados, nos termos previstos na Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal, no Real Decreto 1332/1994 e demais disposicións legais aplicables.

ART.9. INFORMACIÓN SOBRE O RISCO

O asegurador reconece haber recibido toda a información sobre o risco de forma tal que lle permitiron apreciar o alcance e natureza do risco que asume e, en consecuencia, renuncia o seu dereito a prevalerse en caso de sinistro de calquera falta, erro ou omisión na declaración por parte do asegurado sobre ditos riscos, salvo que exista unha manifesta conduta dolosa ou negligente por parte do asegurado.

ART.10. CONTIDO DA PÓLIZA

Formará parte integrante da póliza que se emita o presente Prego de Prescripcións técnicas, ou Prego de cláusulas administrativas así como as melloras que sendo ofertadas polo licitador, sexan aceptadas polo tomador.

Asimesmo queda establecido que ó final de cada anualidade o asegurado facilitará á aseguradora información sobre o importe total do presuposto anual do concello a fin de manter a póliza actualizada sen ter o contrato carácter regularizable e sen emisión de recibos correspondentes a regularizacións.

ART.11. ADMINISTRACIÓN DO CONTRATO

a) Todos os avisos e notificacións que se deriven deste contrato serán dados polo asegurado ó asegurador adxudicatario deste contrato, que tramitará o correspondente expediente.

b) Os efectos de simplificar a administración ó asegurado, o presente seguro establece con base nunha póliza única estendida polo asegurador dirixente, no que o documento é aceptado integramente polos restantes coaseguradores mediante a súa firma, en proba de conformidade, ó final das condicións especiais e particulares das que forman parte estas cláusulas.

Queda entendido que o establecido no parágrafo anterior non implica que as coaseguradoras respondan solidariamente do cumprimento das obrigacións que asumen por esta póliza. A responsabilidade de cada unha delas é propia e independente das restantes coaseguradoras, determinándose de conformidade cos porcentaxes fixados no cadro de coaseguro sen que por ningún concepto poida esixíselas o pago de indemnización que excedan das que resulten da aplicación de ditos porcentaxes.

No caso de emisión de suplementos, establecerase tamén, ó igual que se fai con este contrato orixinal, un só documento, o que será firmado ó igual que a póliza polo asegurador dirixente e polos restantes coaseguradores.

c) Nas súas relacións co asegurado, as coaseguradoras estarán sempre representadas polo asegurador dirixente, incluso cando se trate de declarar, tramitar ou liquidar os sinistros que acaeceren.

d) Os efectos de pago de primas, convense tamén a emisión dun só recibo que librará o asegurador dirixente, nas condicións previstas na cláusula segunda, do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras desta licitación.

e) No caso de sinistro, os coaseguradores comprométese a entregar ó asegurador dirixente as cifras de indemnizacións o seu cargo, tan pronto como por el mesmo sexan requiridas a tal efecto, presentado -como no caso de cobro- un só recibo finiquito ó asegurado pola totalidade da indemnización.

3. Solicitar ofertas ás seguintes empresas ó mesmo tempo que se publica no perfil do contratista da web do concello:

Seguros MAPFRE
Vilar – Lestedo
15881 Boqueixón

Seguros Reale
Vilar s/n – Lestedo
15881 Boqueixón

Seguros Bilbao
Vilar, 11 B –Lestedo
15881 Boqueixón

11.Rogos e preguntas

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria

A secretaria – interventora

Visto e prace
O presidente